



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 I 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 I Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

ASUNTO.- LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/EXCLUÍDOS, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

SELECCIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN / DUNHA AXENTE TIC PARA A AULA CeMIT, A MEDIA XORNADA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO DO CONCELLO DE CARBALLEDO.

D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco, Alcalde-Presidente do Concello de Carballedo, en uso da atribución outorgada para este expediente.

Visto o informe de Secretaría-Intervención de data 15 de maio de 2014.

Vistas as bases do proceso selectivo de referencia, aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de maio de 2014.

Visto que rematou o prazo para a presentación de instancias de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria en prensa, segundo as bases que regulan o proceso selectivo.

Observadas as instancias presentadas dentro de prazo, e o cumprimento dos requisitos de acceso por parte dos/as candidatos/as presentados/as.

Tendo en conta os antecedentes e a normativa de aplicación, pola presente esta Alcaldía, ACORDA:

PRIMEIRO.- APROBAR A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS: Aproba-la referida relación de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, e prazo de dous días hábiles para emenda de defectos que motivaran a súa exclusión ou omisión de dita relación, sendo a seguinte:

APELIDOS E NOME	PRESENTOU INSTANCIA	DNI	ADMITIDOS E EXCLUÍDOS. CAUSA DE EXCLUSIÓN.
Vázquez Crespo, Silvia	SI	76.580.179-T	ADMITIDA.

EXCLUÍDOS.- Ninguén.

SEGUNDO.- NOMEAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.- De acordo cos puntos 5 e 6 das bases, procédese a continuación a designar os membros que formarán parte do tribunal cualificador para o proceso selectivo de referencia:

Presidente: D^a. Raquel Vázquez Pérez, Educadora Familiar.

Suplente: D^a. Beatriz Ríos Iglesias, traballadora da OMEX.

1º vogal: D. Jesús Sánchez Rodríguez, Axente de Emprego.

Suplente 1º vogal: Outro persoal laboral.

2º vogal: D^a. M^a. del Carmen Novoa Fernández, Orientadora Laboral.

Suplente 2º vogal: Outro persoal laboral.

3º vogal: D^a. Estefanía López Fernández, Representante sindical dos traballadores.



CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballo.e.telefonica.net

Suplente 3º vogal : Outro persoal laboral

- **Secretario: D. Fernando Torre Comesaña, secretario do concello.**

Suplente: D. Manuel Conde Bugueiro, funcionario municipal.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.


Carballo, a 29 de maio de 2014.

O Alcalde



Asdo.: Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

D.M. e os únicos efectos de fé pública
(art. 2 RD 1174/1987, de 18 de decembro)
O Secretario



Asdo.: Fernando Torre Comesaña

RÉXIME DE RECURSOS:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 109c) da Lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento administrativo común e no artigo 58.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, poderán interpoñerse os seguintes recursos:

Con carácter potestativo, recurso de reposición ante Alcaldía, en prazo dun mes a contar dende o día seguinte á notificación do presente acto administrativo.

Directamente, recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xurisdiccional competente, en aplicación dos arts. 6 a 13 da Lei 29/1998 de 13 de Agosto Reguladora da Xurisdicción contencioso – administrativa. O prazo de interposición será de dous meses dende o día seguinte ó da notificación do presente acto administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro que se estime pertinente.